



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DA REALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CLÚSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE MÁRketing E COMUNICACIÓN Á COMUNIDADE EMPREENDEDORA ASOCIADA Á REDE DE POLOS DE EMPREndEMENTO E APOIO AO EMPREGO INTEGRADOS NO PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE ORIENTACIÓN, EMPREndEMENTO, ACOMPAÑAMENTO E INNOVACIÓN PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALICIA

De acordo co preceptuado no artigo 149.1.7 da *Constitución Española*, a *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia*, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

En virtude do previsto no artigo 1 do *Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* (DOG núm. 101, do 27 de maio), a esta Consellería lle corresponden, entre outras competencias, as seguintes: *a) Propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.*

Consonte o artigo 19 do dito Decreto 147/2024, como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais: *c) A dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de apoio, fomento e mantemento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social, apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade e formación profesional para o emprego en toda a súa extensión; d) A dirección das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprendemento e a coordinación das atribuídas a outros órganos, así como a promoción de políticas públicas e programas que impulsen, promocionen e apoiem a cultura emprendedora;*





(...) f) A dirección e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.

Tal e como establece o artigo 43 do Decreto 147/2024, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, como órgano de dirección directamente dependente da Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais, exercerá, entre outras, as seguintes funcións: *a) Asumirá as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora, tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade como a súa realización efectiva posterior, e incluírá a implementación e mantemento, con servizos de asesoramento, mentoría (mentoring), así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego, e cantas funcións lle sexan atribuídas por parte da persoa titular da Secretaría Xeral e, en particular, a coordinación coas restantes direccións xerais da Consellería, así como cos outros centros directivos ou organismos da Comunidade Autónoma en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao emprendemento, crecemento e mantemento de emprego.*

Na mesma liña, esta Dirección Xeral asume a colaboración e a coordinación das diferentes actuacións con outros axentes territoriais, organismos, institucións públicas e privadas de ámbito nacional, autonómico e local vinculadas ou que realicen actividades de fomento ao emprendemento e apoio ao emprego. Polo tanto, con carácter xeral, encárgase de apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa ao emprendemento en Galicia.

En concreto, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social asume a xestión directa e indirecta e a coordinación da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia. Tamén lle corresponde a coordinación do Centro de Orientación, Emprendemento, acompañamento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 19, apartados d) e ñ) do Decreto 147/2024, do 27 de maio).

Pola súa parte, o Clúster da Comunicación de Galicia é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, formada por un compendio de 233 entidades, empresas, centros tecnolóxicos e de formación que representa ao sector da comunicación en Galicia, poñendo en valor as capacidades dos seus membros, potenciando a súa creatividade e



innovación co obxectivo de convertelos en referentes no mercado.

FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN

1. Nas sociedades avanzadas, constitúe un obxectivo prioritario da axenda pública o impulso de proxectos territoriais que faciliten a transformación produtiva, aborden o reto demográfico e promovan a creación de emprego que contribúa a fixar poboación, especialmente no ámbito rural e nos municipios máis pequenos, dinamizadores do desenvolvemento local sostible.

Por este motivo, a Xunta de Galicia ten como un dos seus principais obxectivos o impulso de medidas para fomentar o emprendemento e apoiar ás persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía na Comunidade Autónoma, dada a súa contribución esencial á xeración de riqueza e emprego.

Desta aposta da Xunta polas iniciativas en materia de emprendemento resultou o recoñecemento de Galicia como Rexión Emprendedora Europea 2025, outorgado polo Comité Europeo das Rexións. Este premio implica un estímulo para avanzar nunha maior equidade territorial, no impulso de iniciativas emprendedoras na Galicia non urbana, na diversificación das actividades económicas que se desenvolven neste contorno e no fortalecemento da colaboración do ecosistema emprendedor.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén despregando, dende o ano 2022 e por todo o territorio galego, a Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia, nos que se desenvolven actuacións de incubación de proxectos de emprendemento e formación dirixida a persoas emprendedoras, cun apoio personalizado para acompañar e impulsar proxectos, reforzando as oportunidades de mellora e tecendo no territorio unha rede de intercambio de coñecementos e experiencias, a través de sinerxías de colaboración e axuda mutua entre as persoas emprendedoras, que redunda no empoderamento, a valorización do rural, a innovación, a sostibilidade e o compromiso co territorio.

A devandita Rede está formada por quince polos de emprendemento e apoio ao emprego, situados nos concellos de Coristanco, Ferrol, Melide, A Fonsagrada, Friol, Mondoñedo,



Monforte de Lemos, Sarria, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Verín, Porriño, Silleda e Vilanova de Arousa.

2. A Rede COE (Rede de Centros Públicos de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego) está formada por un total de 20 centros: un centro por Comunidade autónoma, un por Cidade autónoma e un de carácter estatal. A súa finalidade é a de servir de espazo para impulsar proxectos innovadores que reduzan o desemprego, fomenten a inserción laboral, o emprego de calidade e o apoio ás persoas emprendedoras e, en suma, contribúan a reforzar a colaboración entre o Estado e as comunidades autónomas nunha maior vinculación entre as súas políticas activas e de promoción ao emprego, prestando un servizo de acompañamento no ciclo vital dos proxectos empresariais.

As actividades da Rede de COE se establecen no Programa Anual de Traballo (PAT) de cada un dos centros, no que se determina o alcance e as características dos traballos a desenvolver para dar resposta ás funcións asignadas no artigo 88 do *Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego*, e entre as que destaca o deseño de modelos de emprendemento e aplicación de proxectos piloto (artigo 88.1, letra d).

Na proposta do Programa anual de Traballo do COE Galicia para o ano 2025 está incluída a acción COEGAL25d07 definida como *Programas de accións transversais e de capacitación en distintas ferramentas que favorezan a empregabilidade e a iniciativa emprendedora*, que agruparía unha serie de actividades orientadas a mellorar a busca de emprego e a promover e fornecer proxectos empresariais.

3. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexe a concesión dunha axuda por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao Clúster da Comunicación de Galicia, para a prestación de servizos de márketing e comunicación á comunidade emprendedora asociada á Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego.

O Clúster da Comunicación de Galicia realizará actividades de promoción e difusión da cultura do márketing e a comunicación entre as persoas emprendedoras, co fin de impulsar a



creación de novas iniciativas máis competitivas e a xeración de emprego, impulsadas a través destas ferramentas de competitividade.

Asemade, o Clúster da Comunicación de Galicia comparte o obxectivo do interese público, ao ser unha entidade sen fins de lucro, comprometida no desenvolvemento do emprendemento no ámbito da comunicación e o márketing. Trátase dunha entidade asociativa da que forman parte un gran número de empresas con experiencia no devandito ámbito. Tamén interactúa cun gran número de axentes económicos e sociais e posúe unha importante base de coñecemento de experiencias emprendedoras na comunicación e o márketing que a converten nun elemento indispensable para contribuír ao fomento das iniciativas emprendedoras.

En resumo a través deste convenio prestaranse servizos relacionados co impulso de negocios emprendedores de calquera sector a través do acceso a servizos profesionais de comunicación que axuden as novas empresas a súa saída o mercado, conectar co seu público obxectivo e a crear marcas que aporten valor aos seus clientes potenciando así a xeración de empresas máis fortes e sostibles.

Con esta colaboración garántese un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas entidades en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, xa que a promoción de iniciativas económicas e innovadoras, en especial no eido do emprendemento e o márketing e a comunicación, resulta do interese das partes asinantes.

4. Xa que logo, en virtude da previsión recollida no artigo 19.4, letra a) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*-que dispón que poderán concederse de forma directa as subvencións (...) *previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións*- procede a concesión desta subvención ao Clúster da Comunicación de Galicia para a prestación de servizos de márketing e comunicación á comunidade emprendedora asociada á rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego integrados no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, prevista nominativamente nos orzamentos xerais para 2025.



Así, o financiamento do obxecto deste convenio ascende a un total de cento vinte mil euros (120.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.322C.481.1 (código de proxecto 2023 00113) dos orzamentos da Comunidade Autónoma, aprobados pola *Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025*.

Con respecto á territorialización do gasto, este afecta a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega económica da Consellería destinarase exclusivamente a cubrir os custos xerados desde o 01/01/2025 ata o 01/12/2025 que sexan precisos para a execución e cumprimento do obxecto do convenio.

Por último, procede manifestar que o Clúster da Comunicación de Galicia cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

O financiamento do obxecto deste convenio (**subvención nominativa por concesión directa**) ascende a un total de cento vinte mil euros (120.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.322C.481.1 (código de proxecto 2023 00113) dos orzamentos da Comunidade Autónoma, aprobados pola *Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025*.

Obxecto	Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Importe
Convenio co Clúster da Comunicación de Galicia para a prestación de servizos de márketing e comunicación á comunidade emprendedora asociada á rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego integrados no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia	14.04.322C.481.1	2023 00113	120.000,00 €



A achega económica da Consellería destinarase exclusivamente a cubrir os custos xerados desde o 01/01/2025 ata o 01/12/2025 que sexan precisos para a execución e cumprimento do obxecto do convenio.

Cómpre apuntar que a contía prevista non experimenta incremento con respecto á establecida no convenio asinado en 2024, no que o importe ascendía igualmente a 120.000,00 €.

Con respecto á territorialización do gasto, este afecta a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

CLASIFICACIÓN DO GASTO

Sección 14: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Servizo 04: Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Programa 322C: Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo

Concepto 481: A institucións sen fins de lucro

Subconcepto 481.1: Convenio co Clúster de Comunicación de Galicia para o programa Alento

ENCAIXE NO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030

Este convenio, con cargo ao código de proxecto 2023 00113, ten o seguinte encaixe no Plan Estratégico de Galicia 2022-2030, dentro das principais liñas de actuación de carácter estratéxico:

Eixo E1 *O reto demográfico.*

Prioridade de actuación PA01 *Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.*

Obxectivo estratéxico OE03 *Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo.*

Obxectivo operativo O002 *Programas de promoción do emprendemento e apoio ao emprego autónomo.*



CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS:

Plan Estratégico	Planificación Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Valor previsto orzamentos 2025 CP 2023 00113
Plan Estratégico de Galicia PEG 2022-2030		Actuacións de estudo, difusión e promoción	P00020	2
		Participantes en accións de formación. Mulleres	P227.M	33
		Participantes en accións de formación. Homes	P227.H	33

Respecto das actuacións comprendidas no convenio, o Clúster de Comunicación de Galicia realiza unha estimación dos gastos a realizar ao abeiro deste convenio, desagregados por actuacións e tipoloxía de gasto, de acordo cos modelos previstos no Anexo I da Instrución núm. 3 do 21/06/2023 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno:

CADRO XERAL:

Tipoloxía da Actuación (actividades a realizar)	Tipoloxía de gasto subvencionable (1)	Importe ano 2025	TOTAL
1. Comunicación Programa Alento 1.1. Web Alento. Deseño Gráfico -Actualización web Programa Alento. -Desenvolvemento dos contidos gráficos para os materiais e soportes empregados na difusión do programa desta edición. 1.2 Estratexia e difusión. - Gabinete de comunicación. Definición de estratexia e desenvolvemento da mesma durante o período de execución do convenio. - Contacto cos Polo de Emprendemento así como con outros organismos e entidades privadas para a difusión do programa e captación de candidatos.	Gastos de persoal:	720,87€	
	Subministracións (servizos de comunicación prestados por empresas provedoras):	7.283,21€	
	Outros (especificar):		



<ul style="list-style-type: none"> - Materiais de difusión (online/offline) que se poidan precisar. - Memoria resumo do programa. Xeración de contido. - Publicidade precisa para difusión do Programa Alento. 			
<p>2.Xestión e coordinación das solicitudes do Programa Alento</p> <ul style="list-style-type: none"> -Revisión dos requisitos de acceso os servizos de comunicación en colaboración ca Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Polos de Emprendemento. -Axustes/revisión das características dos servizos do Programa Alento. -Coordinación e xestión das solicitudes recibidas por parte da comunicade emprendedora en colaboración cos Polos de Emprendemento. -Coordinación operativa entre provedores e emprendedores. 	Gastos de persoal:	1.507,66€	
	Subministración (servizos prestados por empresas provedoras):		
	Outros (especificar):		
<p>3. Xornada/eventos presentación do Programa Alento 2025</p> <ul style="list-style-type: none"> -Evento/Xornada de presentación pública do programa Alento 2025 con fin de presentar os obxectivos e beneficios desta nova edición e captar a atención de prescriptores e público obxectivo. 	Gastos de persoal:	411,93€	
	Subministración (servizos prestados por empresas provedoras):	3.098,65€	
	Subministración (servizos prestados por empresas provedoras):		
<p>4. Prestación de servizos Alento</p> <p>Prestacións dos servizos Alento á comunidade emprendedora por parte das empresas/profesionais vinculadas ó Clúster da Comunicación vinculados algúns dos seguintes eixos: deseño márketing, publicidade, comunicación, impresión, audiovisual.</p> <p>O valor de mercado de cada servizo irá desde 2.000€ ata 4.500€.</p>	Gastos de persoal		
	Subministracións (Servizos prestados polas empresas de comunicación e márketing colaboradoras no proxecto):	103.004,70€	
	Outros:		



5. Presentación resultados do proxecto Xornada/evento de presentación dos resultados finais obtidos tras o desenvolvemento do programa.	Gastos de persoal:	411,93€	
	Subministracións (servizos prestados polas empresas provedoras):	3.561,05€	
	Outros:		
TOTAIS	Gastos de persoal	3.052,39€	120.000,00 €
	Servizos	116.947,61€	
	Outros		

Respecto aos gastos de acondicionamento de espazos recollidos no artigo 4 do convenio, constitúen gastos de acondicionamento todos aqueles que respondan á necesidade de contratar servizos ou alugar elementos que garantan o correcto desenvolvemento da actividade, como puideran ser o mobiliario, os equipos audiovisuais, elementos gráficos ou de ambientación ou calquera outro elemento necesario para adecuar os espazos e locais para unha correcta realización das diferentes actividades de promoción ou difusión, correspondendo a gastos correntes. En ningún caso incluírán actuacións de obra propias do capítulo VII para investimentos reais.

CADRO DE PERSOAL:

Categoría profesional	Nº persoas	Salario anual (con pagas incluídas)	Comple-mentos	Seguridade Social	TOTAL coste salarial	Outros	Imputación ao convenio	
							%	contía
Categoría A: Diplomada (2)	1	13.057,20		4.187,52	17.244,72		4,75 %	819,12
Categoría A: Licenciada (1)	1	35.736,08		11.514,00	47.250,08		4,73 %	2.233,27
TOTAIS								3.052,39



**CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS
RECORRENTES:**

Tipoloxía de gasto	Importe convenio actual	Importe convenio anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación
Gastos de persoal	3.052,39	0		+3.052,39	-	(*)
Subministracións e servizos	116.947,61	120.000,00		-3.052,39	-2,54%	
Outros						
Total	120.000,00	120.000,00		0	0	

(*) No exercicio anterior non se imputaron gastos de persoal, xa que estas funcións estaban cubertas no marco doutras actividades da entidade. No presente exercicio impútase unicamente unha pequena parte das horas de dedicación ao proxecto. Neste sentido, a implicación do persoal en tarefas de xestión e coordinación de Alento resulta clave para o adecuado desenvolvemento do proxecto.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Marta Mariño Regueiro

